

## Salas Libres

Xoves, 08 de Maio de 2008

### JALÓN FRIKI e ESPAZO MULTIUSOS1.A XINECÓLOGA (10')

Xénero: Dramedia sexolóxica

DIRECCIÓN: Alfonso Camarero

ACTORES: Camila Bossa, Esteban Yáñez, Miro Magariños, Carolina Vázquez.

VAI DE : Unha xinecóloga recibe a unha paciente e observa que é un rapaz. Acaba por botalo da consulta, pero a súa xefa ordénalle que ten que atender á/o paciente. Un lío así pode supoñer un viacrucis para unha xinecóloga.

O DETALLE: Moito ollo ó momento decisivo da consulta2.FRONTE DE LIBERTACOM DO GRELO (2')

Xénero: Micromonólogo revolucionario

DIRECCIÓN: Andrés Cameselle, &ldquo;Andresolo&rdquo;

ACTOR: Andrés Cameselle &ldquo;Andresolo&rdquo;

VAI DE: &ldquo;Andresolo&rdquo; é das personaxes mais frikis que emerxeron na rede nos últimos anos. Este tipo un tanto delirado tanto loita contra o cambio climático como contra a &ldquo;libertacom do grelo&rdquo;.

O DETALLE: Non perdas o careto deste tío3.LA POLLA (15')

Xénero: Melodrama gore

DIRECCIÓN: La Chú

ACTORES: X. Expósito &ldquo;Expo&rdquo;, Enma Silva

VAI DE: Unha clienta entra nunha tenda de lencería, e o perverso dono acaba querendo abusar dela. Logo de diversos avatares, a cousa acaba como o rosario da aurora.

O DETALLE: Fíxate no título, porque a &ldquo;ídem&rdquo;, tamén acabará como actriz convidada. E tanto!4.NON

RETORNABLE (3')

Animación

DIRECCIÓN: Marcos Méndez e Eva Rey

VAI DE: Un astronauta americano chega ó Planeta Sogama con intención de conquistalo, pero ¿que pode pasar na metade da conquista se lle dá un apretón de vexiga?

O DETALLE: Ollo, os planetas poden ter desague5.ENTORRADOS (12')

Comedia absurda

GUIÓN e DIRECCIÓN: Germán Tejada e Carlos Sante

ACTORES: Carlos Sante e Pablo Sánchez

VAI DE: O calificativo de &ldquo;surrealista&rdquo; quedalle curto a esta comedia que se desenvolve nos arredores da Torre de Hércules. Algúns odiarana, pero outros non pararán de rir todo o tempo. Inclasificable.

O DETALLE: Os dous actores fan tódolos papeis, sexan humanos ou animais.6.HUIDA DE TIJUANA 2 (2')

Trailer delirante

DIRECCIÓN: Jorge Saavedra

ACTORES: Pepo Suevos

VAI DE: Unha parella, unha fuxida e un malo que os persigue. Se chegase a existir esta película ata igual facía boa taquilla. O caso é que se trata dun falso tráiler dunha peli que non existe.

O DETALLE: Efectivamente, un chega a pensar que debeu de ter existido a peli &ldquo;Huida de Tijuana-

1&rdquo;7.BLOQUEO (15')

Traxicomedia burocrática.

DIRECCIÓN: Margheritta Morello

ACTORES: Rula, Marcos PTT

VAI DE: Unha rapaza queda de portas afóra coas chaves dentro da casa. A partir de aí empeza un labirinto burocrático tan delirante que, por veces, parece sacado da burocracia real.

O DETALLE: Os actores falan en linguas diferentes, galego, inglés ou italiano, pero todos se entenden.

ESPAZO MULTIUSOSEspazo destinado a pezas que buscan novas vías de narración, desde o documental en plastilina á videodanza, pasando polo remontaxe en Súper 8.

Con proxección de Lili Films en directo, incluída. Consulta programa.1.O CEO DO SÚPER 8 (32')

DIRECCIÓN: Fernando Pujalte e Angel Rueda

VAI DE: Lili Films é unha produtora que leva cinco anos rescatando as cintas caseiras de Súper 8 polos armarios de Galicia, onde atoparon auténticos tesouros. A partir desta aventura teñen montado outras pezas diferentes experimentando novas vías de narración como a &ldquo;remontaxe&rdquo;. Para eles, o ceo do Súper 8 está nos armarios.

O DETALLE: Proxectarán con auténtica máquina de Súper 8 en directo. Consulta programación.2.HOMELESS, SEN TEITO (10')

Documental social en plastilina

DIRECCIÓN: Diego Méndez

PRODUCCIÓN: Micaela Sinde

VAI DE: Curta de animación, que segue os parámetros estéticos dos documentais sociais de investigación, neste caso abordando a problemática das persoas sen fogar.

O DETALLE: os protagonistas son bonecos, pero o drama percíbese coa mesma intensidade.

3.KATIUSKA (Os corpos agrícolas)

Videodanza agrícola

DIRECCIÓN: Antón Coucheiro, &ldquo;Cou&rdquo;

PRODUCCIÓN: Xosé Díaz

ACTORES: Blanca Novoneira, Diego Anido, Ruth Balvis, Carolina Hernández, David Loira.

VAI DE: Experimento audiovisual, onde os personaxes son bailaríns profesionais, e actores e a narrativa tradicional é substituída por coreografías nas leiras e movemento sen diálogos.

O DETALLE: Interesante investigación arredor da mestizaxe das disciplinas artísticas

4.CAFÉS DE PAPEL (5´)

DIRECCIÓN: Manuel Macou

Coa COLABORACIÓN de: Mondotropo

ACTRIZ: Maguet

VAI DE: Cando es inmigrante e chegas a un país que non é o teu, o mundo é moi estraño, pero o mellor é non desesperar. Sempre pode chegar unha oportunidade.

O DETALLE: Non perdas detalle de como se move o mundo arredor dos actores. É un xeito de narrar moi peculiar, desde a primeira secuencia.